



PARA CUMPRIMENTAR A SOLICITUDE

INSTRUCCIÓN XERAIS

- A O impreso pódese cumprimentar a man (con maiúsculas tipo imprenta) ou electrónicamente, enchendo os campos correspondentes.
- B Logo de cumprimentado, imprímalo e presénteo asinado nos Rexistros do Concello de Arteixo, nos rexistros da Administración Xeral do Estado, das comunidades autónomas ou en calquera outra oficina de rexistro establecida nas disposicións vixentes.
- C Tamén se pode remitir mediante as formas previstas na lei 39/2015

INSTRUCCIÓN PARTICULARES

- C.1 Solicitante: O solicitante coincidirá co obrigado ao pagamento e poderá actuar por medio de representante. O solicitante deberá achegar fotocopia do DNI-NIF/CIF/NIE
- C.2 Representante: Os seus datos só se cumprimentan cando se teña designado. A representación deberá acreditarse con poder bastante, mediante documento público ou privado con sinatura lexitimada notarialmente, ou por comparecencia persoal do obrigado tributario.
- C.3 Solicitude e documentación que se presenta: Sinala o tipo de beneficio que solicita e acompañe a documentación que se sinala na solicitude para cada caso.

INFORMACIÓN

PRAZO DE PRESENTACIÓN

As solicitudes de bonificación deben presentarse coincidindo coa solicitude das correspondentes licenzas ou coa presentación da comunicación previa ou declaración responsable e, en calquer caso, **antes da concesión da mencionada licenzia**.

TRAMITACIÓN

1. Se a solicitude ou a documentación presentada teñen algún defecto, ou se non se presenta toda a documentación necesaria, concederáselle ao interesado o prazo de dez días para que subsane as deficiencias, advertíndolle que transcorrido ese prazo sen que o faga, arquivarase o expediente sen máis trámites.
2. As obras de especial interese ou utilidade municipal, requiren unha declaración expresa neste senso do Pleno da Corporación, que é previa á resolución do expediente do beneficio fiscal.
3. O expediente remata por resolución do órgano competente, que se lle notifica ao solicitante. O prazo máximo para resolver é de seis meses.

NORMATIVA REGULADORA:

- Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.
- Real Decreto 1065/2007, do 27 de xullo, que aproba o regulamento xeral das actuacións e os procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos.
- Orde do Ministerio de Facenda do 5 de xuño de 2001.
- Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo. Ordenanza fiscal nº 4 reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras (BOP Nº 135 DE 18.7.2019)
- Ordenanza .04, reguladora do Imposto sobre construcións, instalacións e obras.